

III ELECCIÓN MASCOTA OSM

Ano 2022

Primeira.- **OBXECTO**

Por terceiro ano consecutivo e co fin de fomentar a creación artística e a participación e colaboración da comunidade escolar nas actividades desenvolvidas polo Concello de Valdoviño, o Océano Surf Museo invita aos rapaces e rapazas a presentar os seus debuxos para elixir á Mascota representativa do Museo durante o ano 2022.

Segunda.- **DESTINATARIOS**

Todos os membros da comunidade escolar: Infantil, Primaria, Secundaria e Bacharelato.

Terceira.- **CARACTERÍSTICAS DOS DEBUXOS**

Os traballos deben ser inéditos, orixinais e poderán empregar técnica libre (lapis, cera, rotulador, témpera, óleo...), sempre e cando o deseño permita a reprodución da imaxe por medios dixitais e en diferentes tamaños. O soporte empregado será unha **cartolina branca de tamaño A4**. Cada participante poderá presentar un único debuxo.

A **temática** será “A fauna de Valdoviño tamén surfea”. Os participantes elixirán como protagonista do debuxo unha das especies que podemos atopar no territorio valdoviñés (acuáticas ou non) e deixarán voar a súa imaxinación para relacionala co mundo do surf.

Cuarta.- **PRESENTACIÓN**

A presentación dos debuxos será do 1 ao 28 de febreiro de 2022 no Océano Surf Museo, en horario de apertura, na caixa de correo situada no exterior do Museo ou por correo postal ao enderezo: Av. Gándara de Abaixo, 30 - Valdoviño (15552) A Coruña.

Irán unicamente identificados pola parte de atrás co título do deseño (sen nome nin apelidos) e acompañados por un sobre PECHADO no que se farán constar os seguintes datos:

- Título do deseño.
- Nome e apelidos do/da participante.
- Curso e idade.
- Número de teléfono do pai/nai/tutor legal.

Quinta.- **DEBUXO GAÑADOR**

O debuxo gañador será a Mascota do ano do OSM e representará ao museo durante o 2022. A persoa gañadora recibirá un agasallo que se decidirá en función da idade.

A data e lugar da entrega será comunicada telefonicamente e publicada nas redes sociais do OSM, páxina web do Concello de Valdoviño e demais medios de difusión e comunicación.

Sexta.- XURADO

O xurado estará formado por persoas vinculadas a actividades deportivas, culturais e/ou educativas:

- Un representante da Concellería de Cultura e Turismo do Concello de Valdoviño
- Un representante do Océano Surf Museo.
- Un representante do Departamento de Cultura do Concello de Valdoviño.
- Un representante das Escolas de Surf.

A selección dos traballos será en base á orixinalidade, creatividade, imaxinación e adecuación ao tema proposto. O xurado dará a coñecer o seu veredicto **antes do 20 de marzo de 2022.**

Sétima.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na elección da Mascota do ano do OSM implica a aceptación íntegra destas bases e a autorización dos participantes para a reprodución e difusión dos deseños presentados.

En Valdoviño, a 27 de xaneiro de 2022.



Alberto González Fernández
Alcalde de Valdoviño